

## Dous contos de Nadal de Álvaro Cunqueiro

*Ramón Nicolás Rodríguez*

Dos dous pequenos contos agrupados baixo o epígrafe de “Dous relatos de Nadal” e titulados “Olaf Gunnarson estivo en Belén” e “O leigo de Viccino”, que publicou Álvaro Cunqueiro o 24 de decembro de 1962 nas páxinas de *Faro de Vigo*, ningunha noticia se tiña ata o de agora. Non compilados nos volumes que recollen a súa obra completa en galego, tampouco Antonio Odriozola<sup>1</sup> nin M. Anxo Seixas Seoane<sup>2</sup> consignaron a súa existencia.

Estes dous relatos, encabezados cun breve limiar explicativo, obedecen, sen dúbida, a un requirimento xornalístico que ilustrara as páxinas do rotativo vigués cunhas prosas *ad hoc* nesas datas de Nadal. Textos de circunstancias, pois, e de feito relixioso como se colixe dende a lectura do propio encabezamento cunqueiriano, articúlanse como dúas semblanzas, xénero tan propicio ao autor de Mondoñedo. A primeira, e máis elaborada, protagonízaa o guerreiro viquingo Olaf Gunnarson, axiña convertido á fe cristiá nas guerras de Bizancio, quen tras asistir ao nacemento do Neno e quedar cego, vivirá para contar, na súa nativa Noruega, os acontecementos extraordinarios nos que tomou parte ata a súa morte. A segunda, máis breve e de carácter sincrético, céntrase na curiosa peripecia que conduce ao protagonista do relato a unirse á comitiva dos Reis Magos.

Da lectura de ambos os dous textos resulta ben constatábel a evidente vinculación con estratexias discursivas tipicamente cunqueirianas pois, fóra da temática de asunto relixioso –véxase cómo os protagonistas se converten en parte actuante nese trasfondo natalicio, quer no propio nacemento do Neno ou nas experiencias sobrenaturais quer na visitación dos Reis Magos– tamén recorrente noutras páxinas do autor, advírtense con facilidade a presenza doutros motivos como a gastronomía, o gusto pola arte de contar e a oralidade, a viaxe, a mitoloxía, a fina

1. Antonio Odriozola, “Lembranza de Álvaro Cunqueiro e unha bibliografía máis sobre a súa obra”, *Grial*, nº 72, 1981, pp. 235-260.

2. Miguel A. Seixas Seoane (coord.), *Álvaro Cunqueiro: unha fotobiografía (1911-1981)*, Vigo: Edicións Xerais, 1991.

ironía e mesmo a persistente visualización do que contaba<sup>3</sup>, tan característicos da súa obra fabuladora e da que agora amosamos estas dúas mostras esquecidas, ben interesantes e celmosas incluso dende un punto de vista estritamente lingüístico.

## Dous relatos de Nadal por Álvaro Cunqueiro

*Escoitado ou lido, aquí ou acolá, cando un era un rapacete ou cando xa iba obra-do polos anos, pra cada xeira do ano lévase na memoria un vagantío compañaxe de historias, que se poñen a lucir no maxín en canto un se dí: “Oxe é o San Martiño!”, ou “Mañá é Noiteboa!” E dise asío un colle un grau i-aloumiña nél coa boca do espíritu, e vai e naquel relato, naquel contiño, naquela fabuleta, atopa todo o perfume, o precioso albaforque toca a aquel día na selva enorme de tódolos do ano. Da miña memoria de Nadal eu escolle oxe istes dous decires.*

## Olaf Gunnarson estivo en Belén

*Cóntase nunha daquelas sagas que seguiron á Saga de Jorsabad, que é Jerusalém. E foi cando os viquingos baixaron deica Constantinopla, que iles chamaron o Gran Castelo. Chegaron as naos embandeiradas e puxéronse os homes do norte á batalla, que eles dicen “a asamblea dos estados”. E o máis valente de tódolos guerreiros era Olaf Gunnarson, quen coa súa brosa de media mangüeta partiu unha ducia de cacholas bizantinas, coa súa longa lanza descabalgou un estratega con mitra de ouro rizado, e co coitelo abríuse paso por entre a fanteiría grega, que porque era lúa menguante pelexaba de lado. E a tardiña veu un bispo co seu báculo e quixo falar co chefe dos viquingos, iste xa era medio cristián e chegouse a unha trégula, e o bispo diante de todos fixo miragre cunha pomba e curou as feridas dun cabo lanza que se doía moito delas, e que deixaba en Noruega doce fillas. E sober do campo da liorta abríuse unha fermosa luz dourada i-os máis dos viquingos embarcaron de novas pra ir a eprestar a lonxes partes, i-outros ficaron alí, fixéronse cristiáns, serviron ó Basileus previa paga, e dous hastra casaron. I-un dos que quedaron foi Olaf Gunnarson, quen despoixas de bautizado dou en que tiña de ir peleriño a Jerusalém. E foi.*

*Olaf Gunnarson foi a cabalo, e levaba auga nunha grande bota de pelexa de oso e carne cecina, e pan de mar, e figos secos, galano que lle fixera o abade dun mosteiro famoso, no que por humildades fixera de barrendeiro por Pascua Frolida. E deixando alatrás Damasco de Siria e torcendo por atallos de deserto, Olaf Gunnarson atopou no camiño a un velliño que levaba da mán a unha mociña, que se doía moito do longo camiño, e que pra máis estaba preñada. Olaf prestoulle o seu cabalo á rapaza, e fixo catro horas mui ben sentada por aquela sequeada, deica cañu a noite. O vello e máila rapaza dixeron que iles se alongaban hastra unha luz que se vía nunha baixada, pro Olaf durmía ó sereo. Fartou*

---

3. Repárase no que a voz narradora confesa no primeiro relato: *Pasou unha estrela vagante e cantou un paxaro que non había nun arbre que non se veía*. Vid. tamén Anxo Tarrío, *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolía*, Vigo: Galaxia, 1989.

*de auga, pan, cecina e figos pasos ós probes viaxeiros, que se perderan no lusco fusco. Pasou unha estrela vagante e cantou un paxaro que non había nun arbore que non se veía. Olaf Gunnarson axoenllóuse pra rezar, e daquela amosouse diante d'el un anxo de azas bermellas, quen falándolle en lingua germánica díxolle que si nóno sabía, que aquel velliño era José i-aquela rapaza María Virxe, que iban pra Belém, onde dous días despoixas nascería o Neno, e que Deus multiplicaría pra sempre a auga no seu odre ursinal, a cecina i-o pan do mar no fardello, i-os figos pasos na alforxa de coiro armenio.*

*-¡Eu quería ver nacer o Neno! –dixo Olaf Gunnarson.*

*-¡Cegarás, meu capitán! –díxolle o anxo.*

*-¡Anque cegue! –insistiu Olaf.*

*O anxo rascouse nunha meixela e díxolle a Olaf que mui ben, que vería nacer o Neno en Belém. E deloutra noite, o anxo guiou a Olaf deica un alto, i-era alí unha parede encalada con ameas i-o pé dunha porta que se abría nela, unha cabana, e na cabana nascía o Neno, asegún mesmo ven nas estampas. Ergueuse un pouco de vento, i-unha palliña veu a pousarse nas barbas de Olaf.*

*Escoitábanse músicas e pasaban luces. Olaf veu unha luz moito meirande que as outras que arrolou deica onde il estaba axoenllado, lambeulle a cara, e Olaf ficou cego... Pasaron anos e Olaf apareceu en Noruega. Os viquingos mozos, que ouviran d'el e de como lle daba á lanza, á brosa i-á espada, i-o que sabía de mar e de cabalos, pedíanlle leiciós, pro il decíalles que non, que lles iba contar cómo nascera o Neno en Belém. E contaba mui ben, cáseque en verso, e non falaba de outra cousa, i-andaba o país de norde a sul, e non lle facía falla traballar nin nada, que tiña sempre pan, figos, cecina nos fardelos e nas alforxas, e daba ós probes. E cando cadraba Noiteboa e Olaf contaba de Belém e como o Neno estaba n'el no colo da Nai, e se escoitaban músicas, por un instantiño faguíase nas súas máns unha grande luz i-os presentes vían a José e María e mailo Neno, i-ouvían cántigas e miraban luces rondadoras, i-a un anxo de azas bermellas cunha mán na espada de Olaf. E levábano ás eirexas pra que servise de Nascimento, i-o gran cego andaba feliz. E viviu cen anos e finouse sorrindo, cando decía por milésima vez:*

*-E fun eu e co coitelo partín un codo de pan e paseillo ó velliño, que era José, e iste vai e bicouno denantes de roer n'el, e estivo mirando a miga tesa e moura do noso pan de mar, que nunca tal vira, ó mellor..*

## O leigo de Viccino

*E viña o probe leigo levando dediante d'el o burro, que andaba coxo dunhas alparigas que se puñeran hedradas na pata dreita, e faguía o viaxe pola selva de Micara, baixando ó seu convento francisco, cando viu que por un ancho camiño que se abriu nun repente no bosque, pasaba unha solene comitiva montada. Criados levaban faroles acesos i-un dianteiro tocaba a fruta e daba o paso ós*

*cabalos dos grandes señores. O leigo pensou que iba o señor duque de Mantua a unha boda, ou que chegaba o Imperante trasalpino, e queixouse pra sí de ser tan tímido i-amalló que non ousara adiantar e tendéla man, que lle caerían nela unhas moedas de ouro, i-era boa, que tellarían o convento de Viccino, que chovía drento como fora, e podería mercar outro burro i-uns zocos chatolados. E cáseque choraba o leigo. E apurando un algo o burro, que non lle estoupase unha alpariga, puido achegarse ó pano da cola, que é o vai mirando si os dianteiros perderon algunha cousa, e colle os chapeus que leva o vento, e preguntoulle si por acaso era un señor duque ou un príncipe imperial o maior señor daquela comitiva.*

*-Son, díxolle o paxe, tres señores iguaes os que van de viaxe. Son os señores Melchor, Gaspar e Baltasar, que van camiño de Belém a adourar o Neno. Si queres vir con nosco, hai unha praza vacante de portaferraduras.*

*O burro chegou ó convento e dou o parte ó superior. Aínda están agardando en Viccino que volva o leigo e conte de primeira mán como foi en Belém a Adoración dos Señores Reises ó Neno, cando lle ofreceron ouro, incenso e mirra.*